



A lingua non para!

Este será o lema do Correlingua 2018, que percorrerá un ano máis as principais vilas e cidades galegas no mes de maio para celebrar con toda a comunidade educativa a súa maioría de idade.

Pero antes diso... Hai moito que facer! Proximamente publicaranse as bases para os concursos escolares de manifesto, vídeo e banda deseñada. As creacións que se presenten deberán ter en conta este lema, **a lingua non para**, polo que aquí volo presentamos.

Entre todas e todos facemos **que a nosa lingua non pare no ensino!**

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), na páxina de Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal